



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-2498, con data de 05/09/2024, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de carácter temporal de PROFESOR/A DE VIOLÍN, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo, de carácter temporal, de profesor/a de Violín para o Conservatorio e Escola de Música de Redondela, cunha xornada máxima de traballo de 26 horas semanais, mediante o sistema de **concurso-oposición libre**, publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal-apartado de emprego público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 154, do 08/08/2024.

O prazo de presentación de instancias de 10 días hábiles iniciouse o día 09 de agosto e rematou o día 23 de agosto do 2024.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2024-2435, con data de 29/08/2024, pola que aprobaba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo que se convocou para a constitución dunha bolsa de traballo de profesor/a de Violín para o Conservatorio e Escola de Música de Redondela.

O día 04/09/2024 finalizou o prazo para presentar alegacións á lista provisional de aspirantes.

Tras presentarse alegacións neste periodo e unha vez resoltas, de conformidade coas bases da convocatoria que se aprobaron por Resolución da alcaldesa núm.: 2024-2130, con data de 30/07/2024, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección para constituír unha bolsa de traballo de PROFESOR/A DE VIOLÍN para o Conservatorio e Escola de Música de





CONCELLO DE REDONDELA

Redondela, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALONSO BORREGO, CARLA	*****874-N
2	CÁNOVAS RAMOS, ÁMPARO	*****598-V
3	MARTÍNEZ GONZÁLEZ, ALBA	*****043-E
4	THEOTONIO CARIDE, LÍA	*****700-T

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección para constituír unha bolsa de traballo de PROFESOR/A DE VIOLÍN para o Conservatorio e Escola de Música de Redondela, á seguinte persoa aspirante:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	CARPENTE SACO, MARINA	*****138-M	-NON CUMPRIR COA TITULACIÓN REQUIRIDA NO PUNTO CUARTO APARTADO F DAS BASES.

TERCEIRO: Designar o tribunal cualificador do proceso de selección para a constituición dunha bolsa de traballo de profesor/a de Violín, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTA:

Titular: Laura García Medraño

Suplente: José Pérez Arias

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C





CONCELLO DE REDONDELA

SECRETARIA:

Titular: Emma Díaz Arnau

Suplente: Sonsoles Lores Martínez

VOGAIS:

Titular: M.^a Elisa Arias Trigo

Suplente: Sonia María Puga Gandara

Titular: Manuel Molinos Rivas

Suplente: José Romero-Amich Nieto

Titular: M.^a Elena Becerra García

Suplente: Alejandra Fernández Conde

CUARTO: A constitución do tribunal terá lugar o:

DÍA: 10/09/2024

HORA: 09:30 horas

LUGAR: Conservatorio Municipal de Música de Redondela, sito na Avd.Santa Mariña, s/n.

QUINTO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da fase da oposición o:

DÍA: 10/09/2024

HORA: 10:30 horas

LUGAR: Conservatorio Municipal de Música de Redondela, sito na Avd.Santa Mariña, s/n.

SEXTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de realización da fase de oposición deste proceso selectivo.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

